



## Eleccións ao Consello escolar, ano 2018.

### Calendario do proceso electoral.

Tendo en conta o Decreto 92/1988, do 28 de abril, polo que se regulan os órganos de goberno dos centros públicos de ensino non universitario, modificado polo Decreto 279/1990, do 27 de abril, e o Decreto 324/1996, do 26 de xullo e a RESOLUCIÓN do 25 de setembro de 2018, conxunta da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos e da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, pola que se establece o calendario para a celebración de eleccións de membros dos consellos escolares de centros docentes sostidos con fondos públicos, apróbanse as seguintes datas:

- **19 de outubro.**
  - Publicación na páxina web do centro ([www.iesaxunqueira2.com](http://www.iesaxunqueira2.com)) de toda a información sobre este procedemento.
  - Publicación na páxina web do centro ([www.iesaxunqueira2.com](http://www.iesaxunqueira2.com)) a data e hora na que se procederá ao sorteo público para a designación dos membros da xunta electoral.
    - (Artigo 30 do Decreto 92/1988 segundo redacción dada polo Decreto 324/1994; DOG do 9 de agosto)
  - Envío de circular a través do abalarMóbil a toda a comunidade educativa anunciando o inicio de procedemento e o devandito sorteo. (tamén para o período de candidaturas, de campaña electoral, día da votación e constitución do novo Consello escolar)
- **24 de outubro, ás 11:00 horas.**
  - Sorteo público para a designación dos membros da xunta electoral, titulares e suplentes.
  - Segundo o resultado anterior, envío da notificación para a constitución da xunta electoral.
- **5 de novembro, ás 11:15 horas.**
  - Primeira reunión ordinaria da xunta electoral:
    - Acto de constitución.
    - Aprobación do calendario electoral.
    - Publicación de toda a documentación referente a este procedemento (convocatorias, censos electorais provisionais, impresos, actas...) na páxina web do centro.
    - Aprobación do impreso de candidatura.
    - Escrito ao Concello e a ANPA solicitando a designación dos seus representantes.
  - Convocatoria para a celebración da segunda reunión da xunta electoral.
- **Do 6 ao 13 de novembro, de 9 a 14 horas.**
  - Prazo de presentación de candidaturas aos distintos sectores na secretaría do centro.
  - Prazo de reclamacións aos censos provisionais.
- **14 de novembro, ás 11:15 horas.**
  - Segunda reunión ordinaria da xunta electoral:
    - Admisión, proclamación e publicación de candidaturas.
    - Aprobación dos censos electorais definitivos e de modelo de papeletas, sobres...
    - Sorteo público para a designación dos membros das mesas electorais.



- Prazo das campañas electorais dos distintos sectores.
- Citacións para a constitución das distintas mesas electorais.
- Convocatoria para a terceira e última reunión ordinaria da xunta electoral.
- Envío de convocatoria de reunión extraordinaria de claustro informativo. (Art. 35 do Decreto 92/1988).
- **Do 15 ao 23 de novembro, ámbolos dous incluídos.**
  - Campañas electorais dos distintos sectores.
- **19 de novembro, no período de lecer longo.**
  - Reunión informativa de claustro de profesorado.
    - Lectura de normas.
    - Relación de candidaturas.
    - Convocatoria de reunión extraordinaria de claustro.
  - Envío da convocatoria de reunión de claustro extraordinario de votación a celebrar o día 28.
- **26 de novembro. (votacións)**
  - Alumnado → Pola mañá durante as clases.
  - Profesorado → Reunión extraordinaria de claustro de profesorado, no período de lecer longo.
  - Persoal de administración e servizos → Pola tarde, entre as 14 e as 15 horas.
  - Responsables de alumnado → Pola tarde, entre as 18 e 20:30 horas.
- **28 de novembro, ás 11:15 horas.**
  - Terceira e última reunión ordinaria da xunta electoral:
    - Proclamación e publicación de candidatos electos.
    - Traslado das actas das mesas electorais ao titular da xefatura territorial.
    - Envío de convocatoria de reunión extraordinaria de Consello escolar para a nova constitución do mesmo. (Artigo 52 do Decreto 92/1988)
- **4 de decembro.**
  - Celebración de reunión do novo Consello escolar:
    - Constitución do mesmo.
    - Designación dos membros que van a constituír as distintas comisións. (Económica, Convivencia, biblioteca e de seguimento do estado das instalacións)
    - Designación da persoa responsable de impulsar medidas educativas que fomenten a igualdade real e efectiva entre homes e mulleres. (Art. 126.2 da LOE).
- **Antes do 20 de decembro.**
  - Envío á xefatura territorial dos formularios que se publican como anexo I e anexo II na resolución que regula este procedemento para o presente curso escolar.

Pontevedra, 07 de novembro de 2018.

Asdo.: A presidencia da xunta electoral.



D. Juan Carlos Pérez Mestre.